



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **27 de decembro de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

8.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE DERRUBA DO ANTIGO RESTAURANTE "AS DORNAS". EXPTE. 7004/307.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Dar conta da non admisión no presente procedemento da mercantil RESTAURACIÓN DEL HABITAT Y MEDIO AMBIENTE CAAMAÑO, S.L., por falta de solvencia.

Segundo.- Rectificar o apartado primeiro do acordo de clasificación de ofertas no "Procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de derruba do antigo restaurante "As Dornas" (expediente 7004-307)", aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2013, engadir á clasificación, no posto 12 a mercantil DIZ CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS S.L., con 14,83 puntos

Terceiro.- Adxudicar o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de derruba do antigo restaurante "As Dornas" (expediente 7004-307) á mercantil OBRAS E CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., por un prezo total de 56.220 euros, I.V.E. incluído.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e sete de decembro do ano dous mil trece.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

